



CG/ip

|                       |                                                                                      |              |                |
|-----------------------|--------------------------------------------------------------------------------------|--------------|----------------|
| <b>Asunto</b>         | Solicitud de informe da avaliación de impacto ambiental ordinaria                    | <b>Clave</b> | PE-CO-012-21   |
| <b>Proxecto</b>       | Parque eólico Gato                                                                   |              |                |
| <b>Espazo natural</b> | Ningún                                                                               |              |                |
| <b>Conca fluvial</b>  | Mandeo                                                                               |              |                |
| <b>Concello</b>       | Aranga e Oza-Cesuras                                                                 |              |                |
| <b>Provincia</b>      | A Coruña                                                                             |              |                |
| <b>Solicitante</b>    | Servizo de Enerxía e Minas. Consellería de Economía, Empresa e Innovación. A Coruña. | <b>Ref.</b>  | IN408A 2017/04 |
| <b>Promotor</b>       | Greenalia Wind Power Gato S.L.U.                                                     | <b>Ref.</b>  |                |

## I. Antecedentes administrativos.

Mediante nota do 01/03/2021, do Servizo de Enerxía e Minas da Consellería de Economía, Empresa e Innovación, Delegación Territorial da Coruña tivo entrada, na Dirección Xeral de Patrimonio Natural, de conformidade co establecido no artigo 33 da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, modificada pola Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia, na Lei 24/2013, do 26 de decembro, do Sector Eléctrico, na Lei 21/2013, do 9 de decembro de Avaliación Ambiental, na Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de Ordenación do Territorio de Galicia, no Real Decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, a petición de informe relativo á seguinte documentación:

- PROYECTO DE EJECUCIÓN DEL PARQUE EÓLICO "GATO", EN LOS TÉRMINOS MUNICIPALES DE OZA-CESURAS Y ARANGA (A CORUÑA) - FEBRERO 2020.

Na súa elaboración tívose en consideración a información aportada coa solicitude remitida, así como as observacións formuladas polo Servizo de Patrimonio Natural de A Coruña, no documento subscrito o 11/06/2021.





## II. Resumo da documentación.

A poligonal do parque eólico Gato sitúase nos termos municipais de Aranga e Oza-Cesuras, na provincia de A Coruña e abarca unha área de 486,39 ha.

O proxecto do parque eólico desenvolve a instalación de 6 aeroxeradores modelo VESTAS V136 4,2 do fabricante VESTAS ou similar, de potencia máxima activa de xeración eléctrica 4.200 kW para una potencia instalada de 25,2 MW.

O parque eólico conta así mesmo cunha subestación eléctrica. Esta SET está deseñada para a evacuación da enerxía producida neste parque e nos parques eólicos de Felga (21 MW) e Penas Boas (16,8 MW) que transformará a enerxía eléctrica producida nos citados parques de 30 kV a 132 kV nun primeiro escalón e posteriormente coa enerxía procedente dos parques eólicos de Pena da Cabra, Monte do Cordal, Friol e Pena Ombra transformárase a enerxía de 132 kV a 220 kV nun segundo escalón para evacuar esta á subestación REE Mesón do Vento (220 kV).

As principais características do parque eólico proxectado son as seguintes:

|                                                  |                      |
|--------------------------------------------------|----------------------|
| Número de aeroxeradores                          | 6                    |
| Modelo aeroxerador                               | V136 4,2MV O SIMILAR |
| Potencia nominal unitaria (kW)                   | 4.200                |
| Potencia total instalada (MW)                    | 25,2                 |
| Altura do buxe (m)                               | 112                  |
| Diámetro do rotor (m)                            | 136                  |
| Inversión total (Euros, execución material)      | 22.982.783,85        |
| Producción media neta o vertida a rede (MWh/año) | 79.455               |
| Horas netas equivalentes a potencia nominal      | 3.135                |

As actuacións necesarias corresponden a:

- Accesos e vieiros interiores.
- Drenaxes.
- Plataformas de montaxe.
- Cimentación de aeroxeradores.
- Canalizacións para cableado e rede de terras.
- Edificio de control e subestación.



### III. Análise da documentación.

Examinada a documentación recibida e considerando a información achegada polo Servizo de Patrimonio Natural de A Coruña de data 11/06/2021, realízase a seguinte análise:

1. O lugar onde se localiza o proxecto non ostenta ningunha figura de espazos naturais protexidos, das recollidas na Lei 5/2019, do 2 de agosto, de Patrimonio Natural e da Biodiversidade de Galicia, e na Lei 42/2007, do 13 de decembro, de Patrimonio Natural e da Biodiversidade.
2. A zona de actuación localízase dentro dos límites da reserva da biosfera "Mariñas Coruñesas e terras de Mandeo" tendo, polo tanto, a consideración de área protexida por instrumentos internacionais (Lei 5/2019, do 2 de agosto, e Lei 42/2007, do 13 de decembro).

Dentro da zona núcleo da reserva, o proxecto límitase a mellorar un camiño xa existente; o resto de actuacións atópanse en zona tampón. Neste ámbito espacial, os límites da zona núcleo veñen coincidir cos límites dunha proposta de ampliación da rede Natura 2000 que se tramitou en 2011 (Anuncio do 21 de decembro de 2011, da Dirección Xeral de Conservación da Natureza, polo que se acorda someter a participación do público a proposta de ampliación da rede Natura 2000 de Galicia) pero que non levouse a termo.

A información interna de que dispón a Dirección Xeral de Patrimonio Natural é que segue existindo unha zona ben conservada ao redor do complexo de turbeiras e queirogais do Deo. A este respecto cabe sinalar, vista a delimitación actual, máis precisa, que non se verá afectada directamente polo proxecto aínda que devandito camiño estea próximo.

3. Revisado o Inventario de humidais de Galicia (IHG), creado polo Decreto 127/2008, do 5 de xuño, polo que se desenvolve o réxime xurídico dos humidais protexidos e se crea o Inventario de humidais de Galicia, obsérvase que, na poligonal do proxecto, inclúe terreos das seguintes zonas húmidas:

| Código  | Superficie (ha) | Tipoloxía       | Nome           |
|---------|-----------------|-----------------|----------------|
| 1110064 | 8,3             | Turbeiras altas | Rego da Pasaxe |





4. O proxecto non afecta a áreas prioritarias para avifauna ameazada e/ou zonas de protección da avifauna contra liñas eléctricas de alta tensión, segundo o establecido na Resolución do 18 de setembro de 2018, da Dirección Xeral de Patrimonio Natural, pola que se actualiza a delimitación das áreas prioritarias de reprodución, de alimentación, de dispersión e de concentración local de aves incluídas no Catálogo galego de especies ameazadas e se dispón a publicación das zonas de protección existentes na Comunidade autónoma de Galicia en que serán de aplicación medidas para a protección da avifauna contra a colisión e a electrocución en liñas eléctricas de alta tensión.

5. A actuación prevista sitúase a unha distancia aproximada dos seguintes regos:

| Río/Rego | Denominación    | metros |
|----------|-----------------|--------|
| Rego     | Pena das Tripas | 414    |
| Rego     | Da Pena Moura   | 41     |
| Rego     | De Faxó         | 38,6   |

6. De conformidade co Atlas de hábitats naturais e seminaturais de España (2005), realizado polo Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente (actual Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico), na zona de actuación localízanse teselas onde se identificaron os seguintes hábitats naturais de interese comunitario ou prioritarios (\*):

| Código UE | Prioritario | Denominación           |
|-----------|-------------|------------------------|
| 4030      | Non         | Uceiras secas europeas |

7. No ámbito de actuación non están presentes árbores ou formacións incluídas no Decreto 67/2007, do 22 de marzo, polo que se regula o Catálogo galego de árbores senlleiras.

8. Segundo se deriva da información dispoñible na Dirección Xeral de Patrimonio Natural, a cuadrícula na que se inclúe o ámbito de actuación do proxecto (UTM 10x10 29TNH78), correspóndese coa área de distribución das seguintes especies protexidas, incluídas no Decreto 88/2007 do 19 de abril, polo que se regula o Catálogo galego de especies ameazadas (CGEA):

♣ Flora





| Especie                      | CGEA |
|------------------------------|------|
| <i>Isoetes fluitans</i>      | E    |
| <i>Narcissus cyclamineus</i> | V    |
| <i>Sphagnum pylaesii</i>     | V    |

♣ Fauna

| Especie                            | CGEA |
|------------------------------------|------|
| <b>INVERTEBRADOS</b>               |      |
| <i>Margaritifera margaritifera</i> | E    |
| <i>Geomalacus maculosus</i>        | V    |
| <b>PEIXES</b>                      |      |
| <i>Petromyzon marinus</i>          | V(3) |
| <b>ANFIBIOS</b>                    |      |
| <i>Chioglossa lusitanica</i>       | V    |
| <i>Hyla arborea</i>                | V    |
| <i>Rana iberica</i>                | V    |
| <i>Rana temporaria</i>             | V    |
| <i>Discoglossus galganoi</i>       | V(2) |
| <b>RÉPTILES</b>                    |      |
| <i>Iberolacerta monticola</i>      | V(4) |
| <b>AVES</b>                        |      |
| <i>Milvus milvus</i>               | E    |
| <i>Gallinago gallinago</i>         | E(1) |
| <i>Vanellus vanellus</i>           | E(1) |
| <i>Circus cyaneus</i>              | V    |
| <i>Circus pygargus</i>             | V    |
| <i>Scolopax rusticola</i>          | V(1) |
| <b>MAMÍFEROS</b>                   |      |
| <i>Rhinolophus hipposideros</i>    | V    |

(E) En perigo de extinción.

(V) Vulnerable.

(1) Poboación nidificante.

(2) Poboacións insulares.

(3) Poboación do Cantábrico e Arco Ártabro: dende cabo Ortegal ata as illas Sisargas, Cantábrico: de cabo Ortegal ata o río Eo, incluído.

(4) Poboacións de baixa altitude da provincia da Coruña e poboacións de montaña da provincia de Ourense.

(5) spp. *schoeniculus*.

Non obstante, cabe salientar que os datos sinalados anteriormente están referidos a información asociada a unha cuadrícula 10x10 km, polo que unicamente proporciona unha primeira aproximación de cara á realización da análise. Segundo o “Atlas de aves reprodutoras” publicado polo MITECO en 2003,



non é previsible atopar parellas nidificantes na zona onde se localiza este proxecto.

9. O proxecto non está incluído dentro do ámbito de plans de recuperación ou conservación de especies protexidas.
10. A zona de actuación non se localiza dentro do ámbito de propostas técnicas de zonificación de plans de conservación/recuperación de especies ameazadas que se están elaborando na Dirección Xeral de Patrimonio Natural.
11. Adicionalmente, trasládanse as puntualizacións realizadas polo Servizo de Patrimonio Natural de A Coruña, respecto do conxunto do proxecto ao obxecto de que, as recomendacións, sexan tomadas en consideración:

❖ EFECTOS SINÉRGICOS.

Na "Avaliación de efectos sinérxicos" do EsIA analízanse as sinerxías con outros parques eólicos da contorna nas fases de construción e funcionamento.

Segundo a web do "Rexistro eólico de Galicia", nun radio de 5 km localízanse 5 parques eólicos en tramitación, e dous deles (PE Felga e PE Gato) son promovidos polo mesmo grupo empresarial.

Parques eólicos ubicados nas proximidades:

| Parque eólico | Distancia (Km) | Dirección | Municipio                    | Potencia (MW) | Máquina s |
|---------------|----------------|-----------|------------------------------|---------------|-----------|
| Gato          |                |           | Aranga y Oza-Cesuras         | 25,2          | 6         |
| Felga         | 0,4            | N         | Coirós, Aranga y Oza-Cesuras | 21,0          | 5         |
| Seselle       | 3,4            | SO        | Oza-Cesuras                  | 29,4          | 7         |
| Feás          | 1,9            | NE        | Coirós y Aranga              | 33,6          | 8         |
| Penas Boas    | 3,5            | E         | Aranga                       | 16,8          | 4         |
| Fontella      | 0,6            | SE        | Aranga y Oza-Cesuras         | 45,0          | 10        |

Polo tanto é moi probable que a execución das obras sexa coincidente no tempo, e o parque proxectado estea sometido a impactos de tipo sinérxico que afectarían principalmente á paisaxe, á avifauna e á atmosfera. Segundo o EsIA:





- FASE DE OBRAS: Produciranse efectos sinérxicos con estes parques no caso de que existira coincidencia temporal das obras. Resultando moi probable no caso de parques promovidos polo mesmo grupo empresarial. Para valorar as posibles sinerxías derivadas da execución simultánea destes parques analízanse no EsIA os efectos sobre cada un dos elementos do medio, que tendo en conta as competencias deste Servizo, farase referencia sobre a flora, a fauna, os hábitats e os espazos protexidos.

✦ Flora:

Quedarían determinadas pola suma das afeccións individuais de cada parque sobre a vexetación do seu entorno, sen preverse a priori ningún efecto sinérxico posto que non se produce unha afección conxunta sobre as mesmas formacións vexetais. Ó compartir infraestruturas entre varios parques producirase un efecto evitado, reducindo as afeccións sobre a vexetación.

✦ Hábitats:

Considérase que non se producirían efectos acumulativos nin sinérxicos con outros parques eólicos, posto que as estruturas do parque non afectarán a hábitats prioritarios; e a afección sobre HIC é baixa.

✦ Fauna:

As vibracións, os ruídos e a modificación de hábitats, constitúen os efectos máis relevantes que poden afectar á fauna terrestre do entorno das obras de maneira sinérxica.

A apertura de vieiros e plataformas, e a acumulación e aumento de presenza de maquinaria no medio será o efecto máis destacado da sinerxía entre os parques.

Dada a entidade das obras previstas e a baixa fraxilidade e densidade da fauna terrestre localizada nas visitas de campo, este efecto pódese considerar compatible.

✦ Espazos protexidos:





Considérase que non suporá ningún efecto directo nin indirecto sobre os espazos protexidos pola Rede galega de espazos protexidos e a Rede Natura 2000, sobre as zonas incluídas no Inventario galego de humedais, sobre árbores e formacións singulares, nin sobre IBAs, e polo tanto, tampouco existirán efectos sinérxicos.

Pero si se contempla un efecto sinérxico moderado no que respecta á Reserva da Biosfera “Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo”, debido a que parte das estruturas do parque localízanse dentro da zona tampón e núcleo; e algunhas das estruturas dos parques próximos en tramitación encóntranse sobre a zona tampón das Brañas do Deo e a zona núcleo da mencionada Reserva (considéranse compatibles as actuacións a realizar na zona núcleo).

#### — FASE DE EXPLOTACIÓN:

Nesta fase pódense producir efectos sinérxicos sobre a atmosfera (ruído), fauna e paisaxe (para este Servizo son representativos os dous primeiros):

##### ✦ Atmosfera:

Producirase un efecto sinérxico debido á presenza de parques próximos, pero a súa incidencia no entorno non producirá un aumento significativo da magnitude alcanzada de forma individual.

##### ✦ Fauna:

A concentración de infraestruturas porá incidir nunha maior probabilidade de colisión da avifauna. Pero tendo en conta que as especies presentes son maioritariamente paseriformes espérase unha sinistralidade baixa ou moi baixa.

O aumento da presenza humana e as instalacións podería provocar desprazamentos e molestias na fauna; anque non se localizaron territorios de nidificación para as especies máis sensibles, polo que se esperan efectos acumulativos de baixa magnitude.

Por último, non se esperan efectos acumulativos importantes no efecto barreira debido ás instalacións e infraestruturas.



— MEDIDAS CORRECTORAS.

O EsIA “Establecemento de medidas”, establece as medidas preventivas e correctoras a aplicar para evitar, anular ou reducir os impactos que se producirán nas diferentes fases do proxecto, unha vez identificados e avaliados os impactos do proxecto sobre o medio. Do mesmo xeito establecerá medidas compensatorias para mellorar a situación ecolóxica actual da zona. Dentro das competencias deste Servizo analizaranse as medidas sobre a flora, fauna, os hábitats e os espazos protexidos.

✦ FLORA

As medidas sobre a vexetación abranguen principalmente:

- As medidas propostas para a redución e corrección dos impactos sobre o solo.
- A reposición da vexetación eliminada nas superficies de actuación mediante a aplicación das actuación especificadas no Proxecto de Restauración do EsIA, para crear nestas superficies unha cuberta vexetal densa e duradeira. Esta será a medida correctora máis relevante.

Outras medidas correctoras serán:

- Rego das zonas nas que se produza po e que poda danar á vexetación; así coma o rego da propia vexetación.
- A minimización das superficies alteradas simultaneamente.
- Pase de subsolador en zonas compactadas polo paso da maquinaria pesada.
- A prevención de vertidos sobre a propia vexetación.
- Eliminación da vexetación con sistemas mecánicos, evitando o lume ou fitocidas.
- O cumprimento da normativa vixente e a obtención de autorizacións previas á execución de cortas da vexetación arbórea.





#### ✦ HÁBITATS NATURAIS

As medidas consideradas para reducir os impactos xerados sobre os hábitats naturais son coincidentes con outras medidas propostas para outros elementos do medio (flora, hidroloxía, solo,...), minimizando as superficies de hábitats afectadas.

- Contémplase prohibir os cambios de uso nos terreos adquiridos para a construción do parque, procedéndose á eliminación das plantacións existentes nos casos en que estean desenrolando sobre matogueiras.
- Para favorecer a recolonización, recuperación e conservación dos hábitats de breixeiras que se localizan baixo as actuais plantacións forestais e mellorar o desenvolvemento dos hábitats e formacións de breixeiras, na fase de explotación, propónse a realización de traballos de control da biomasa arredor dos aeroxeradores.

#### ✦ FAUNA.

##### Fase de obras

- Para reducir as afeccións ocasionadas polas labores de roza na fauna, realizaranse evitándose as épocas de nidificación e cría da fauna existente de maior valor ecolóxico, reducindo o risco de destrución de niñadas e camadas no chan, así como especies de vertebrados presentes entre a vexetación.
- Para a redución das mortes ocasionadas pola circulación de maquinaria, a circulación realizarase á menor velocidade posible.
- Evitarase que as gabias e arquetas permanezan abertas para impedir a caída accidental de animais.
- Vixilancia dos drenaxes transversais para que os animais podan saír con facilidade.
- Realizarase un seguimento da poboación de aves para controlar las afecciones sobre estas.
- Respetaranse tódalas indicacións establecidas na lexislación actual.





- Non se considera necesario un seguimento dos quirópteros ao non verse afectados.

#### Fase de explotación

- A maior afección sobre a fauna xeráse polo risco de colisións coas palas, e por elo, na fase de deseño do parque óptase por máquinas que aumentan a posibilidade de evitar a colisión.
- Realizarase un seguimento das poboacións de aves e de quirópteros, dada a posibilidade de afección sobre estes; o seguimento continuará o realizado na fase previa e durante a obra.
- Efectuarase un estudo de perdurabilidade de cadáveres de animais de granxa durante o primeiro ano de funcionamento para determinar a presenza de animais carroñeros; e outras medidas aplicadas na fase de obra.

#### ✦ ESPAZOS PROTEXIDOS

O EsIA non considera necesario propoñer medidas preventivas ou correctoras, xa que a instalación do parque non suporá ningún efecto directo nin indirecto sobre os espazos protexidos.

#### ✦ MEDIDAS SOBRE OS EFECTOS SINÉRXICOS.

O EsIA establece unha serie de medidas preventivas e correctoras sobre os efectos sinérxicos, que inclúen:

- O seguimento dos potenciais efectos acumulativos ou sinérxicos sobre as poboacións de aves e quirópteros cos parques existentes nun radio de 5 quilómetros. Co que se pretende realizar unha valoración cuantitativa deses efectos.
- A elaboración dun índice de vulnerabilidade espacial (IVE) por sectores que identifique as zonas de maior risco relativo de colisión. Con isto preténdese identificar obxectivamente as localizacións potencialmente perigosas e o nivel de risco relativo, e poder planificar medidas adicionais para minimizar impactos.



#### – PLAN DE VIXILANCIA AMBIENTAL

O Programa de Vixilancia e Seguimento Ambiental do EsIA ten coma obxecto comprobar e garantir o cumprimento das medidas protectoras e correctoras contempladas no EsIA para todas as fases do PE e para os distintos factores ambientais afectados polo proxecto; e determinar a necesidade de introducir novas medidas ou modificar as contempladas inicialmente. As comprobacións a realizar nas diferentes fases do proxecto inclúen basicamente:

##### ✦ FASE PREOPERACIONAL:

Nesta fase realizarase:

- O estudo cero do nivel de ruídos.
- Analíticas de augas preoperacionais para empregar como mostra en branco para establecer comparacións.
- Realización de estudos preoperacionais das poboacións de aves e quirópteros.
- Reportaxe fotográfica previa das zonas a afectar.
- Tanto estes estudos coma a reportaxe fotográfica constan xa incluídos no EsIA.

##### ✦ FASE DE OBRAS:

Nesta fase realizarase mensualmente:

- Un cronograma de obras e execución de medidas protectoras e correctoras. E trimestralmente:
- Elaboraranse informes que inclúan reportaxe fotográfico e cartografía do desenvolvemento dos traballos, incidencias e imprevistos, xestión de residuos efectuada, labores de restauración, execución de medidas correctoras, medicións de ruídos realizadas, seguimento da avifauna, control da rede de drenaxes e informe das analíticas da calidade das augas.





- Ó rematar esta fase presentarase un informe-resume do seguimento ambiental realizado.
- ✦ FASE DE EXPLOTACIÓN: Durante esta fase realizarase un informe semestralmente durante os dous primeiros anos, e anual a partir do segundo ano; similares aos realizados na fase de obra, pero engadindo comprobacións adicionais como:
  - O estudo dos posibles efectos acumulativos e/ou sinérxicos, o control do efecto das sombras parpadeantes e o seguimento tanto da avifauna como dos quirópteros (non incluído na fase de obras).
  - Realizaranse medicións acústicas trimestrais durante o primeiro ano, e semestrais durante o segundo.
  - E analíticas de augas semestrais durante o primeiro ano.

Por outra parte, contéplase a realización de informes ocasionais baixo determinadas circunstancias, así coma dun informe previo ó abandono que se elaborará no semestre previo ó remate da fase de explotación, e dun informe posterior ó abandono que se emitirá nos dous meses posteriores ó remate dos traballos de desmantelamento e abandono do parque.

#### – ANALISE DA VULNERABILIDADE DO PROXECTO

No EsIA se avalía a vulnerabilidade do proxecto ante os riscos de accidentes graves ou catástrofes e mailos efectos adversos significativos que podería ter sobre o medio ambiente, en atención ao disposto na normativa vixente en materia de avaliación ambiental de proxectos. Trala análise individualizada dos diferentes riscos previsibles na zona de implantación do proxecto (riscos sísmico, climatolóxico, de inundacións, de movementos do terreo, de desprendementos, de incendio, de derrame de substancias), e tendo en conta as características e dimensións dos elementos e infraestruturas do parque eólico así coma a vulnerabilidade derivada do entorno socioeconómico, de xeito resumido conclúe que os riscos de accidentes graves ou catástrofes relevantes serían baixos ou moi





baixos, que a vulnerabilidade do proxecto fronte os mesmos sería baixa (risco sísmico, risco de incendios, risco de derrames), mínima (risco de desprendementos) ou inexistente (risco de inundacións, risco de movementos do terreo), que a vulnerabilidade sería baixa con respecto ao entorno socioeconómico, e que non se producirían efectos adversos significativos sobre os factores ambientais.

Con respecto ó risco de temporais climatolóxicos, é alto no concello de Oza-Cesuras, e o risco de nevadas é moderado, se ben segundo o EsIA o deseño do parque habería tido en conta o aspecto climatolóxico máis importante, o vento, e seleccionado os equipos a instalar máis axeitados para reducir a posibilidade de ocorrencia de accidentes graves, e con elo reducir os potenciais efectos adversos sobre o medio ambiente. O EsIA incide especialmente no risco de incendios, referindo as medidas de protección e prevención adoptadas para minimizar este risco segundo as diferentes causas posibles de incendio.

#### — RESTAURACIÓN:

No EsIA se desenvolve o Proxecto de Restauración das superficies afectadas pola implantación do parque eólico. Nos primeiros epígrafes se identifican e cuantifican as superficies afectadas polos diferentes elementos e infraestruturas do parque que serán obxecto de restauración, procedendo posteriormente á elección do uso futuro destas superficies, que será o establecemento dunha cuberta vexetal dominada por especies herbáceas e de matogueira destinada á recuperación do hábitat; e á identificación e caracterización dos traballos a realizar, como son:

- ✦ extracción e amoreamento de terra vexetal,
- ✦ remodelación e descompactado do terreo,
- ✦ aporte e estendido de terra vexetal,
- ✦ despedregado,
- ✦ revexetación,
- ✦ desmantelamento de instalacións.





Con posterioridade ó desenvolvemento destes traballos destinados á restauración das superficies afectadas se contempla o desenvolvemento dun programa de vixilancia ambiental da revexetación.

12. Con respecto as observacións efectuadas polo Servizo de Patrimonio Natural da Coruña relacionadas cos valores naturais, salientanse as seguintes:

- ◆ No EsIA non se fai referencia ao lobo (*Canis lupus*).
- ◆ Non existe ningún impacto cualificado como crítico ou severo na fase de obras nin na de explotación.
- ◆ Na fase de obras prodúcense impactos moderados sobre os hábitats naturais, os espazos protexidos, a flora e a fauna.
- ◆ Na fase de explotación os aeroxeradores producen impactos moderados negativos xerados polas sinerxías respecto á fauna. Ademais terían lugar tres impactos moderados positivos sobre a xeración de enerxía limpa, o medio mariño (loita contra o cambio climático) e a economía, da mesma maneira que ocorre coa presenza dos vieiros e os traballos asociados sobre éste.
- ◆ O resto de impactos son compatibles.

#### IV. Conclusións.

As distancias entre aeroxeradores dos parques eólicos Felga e Gato son as seguintes:

|                                           | Media | Mínimo | Máximo |
|-------------------------------------------|-------|--------|--------|
| Distancia entre aeroxeradores do PE Felga | 373   | 318    | 428    |
| Distancia entre aeroxeradores do PE Gato  | 390   | 322    | 526    |

A distancia entre os aeroxeradores máis próximos de ambos os parques é de 412 m.

Por tanto, o parque eólico Gato xunto co parque eólico Felga semellan formar unha única estrutura de produción eólica dado que ambos se aliñan, sen separación aparente, ao longo da dorsal montañosa coñecida como Montes do Gato, confinada



entre os arroios Miñatos e Fervenzas. Os dous parques comparten infraestruturas co parque eólico Penas Boas, o cal se atopa algo afastado deste conxunto.

Promoven estes parques eólicos:

- Greenalia Wind Power Gato S.L.U.
- Greenalia Wind Power Felga S.L.U.
- Greenalia Wind Power Penas Boas S.L.U.

O EsIA do parque eólico Gato está firmado o 23/10/2020. No seu anexo nº 2 preséntase un estudo preoperacional de avifauna e quirópteros que analiza os datos recolleitos nunha campaña anual realizada entre 2011 e 2012, aos que se deberían engadir os datos actualizados dunha campaña iniciada en xaneiro de 2019 e que debeu acabar en decembro daquel ano.

O EsIA do parque eólico Felga está firmado o 07/09/2020. No seu anexo nº 2 preséntase un estudo preoperacional de avifauna e quirópteros que analiza os datos recolleitos nunha campaña anual realizada entre 2011 e 2012, aos que se deberían engadir os datos actualizados dunha campaña iniciada en xaneiro de 2019 e que debeu acabar en decembro daquel ano.

Resulta evidente que este estudo realizouse conxuntamente para ambos os parques eólicos á vez.

Os datos analizados permiten coñecer as especies presentes, a súa abundancia e ofrece algúns resultados sobre o uso do espazo. Con todo, os datos actualizados están incompletos e non se inclúe ningunha cartografía e información que permita valorar a validez das posicións dos aeroxeradores en relación á distribución das aves e quirópteros sobre o territorio, en particular aquelas especies que están máis expostas a sufrir unha colisión.

Á vista dos antecedentes, da análise da documentación e das achegas efectuadas polo Servizo de Patrimonio Natural de Coruña, considérase que a documentación presentada non incorpora unha información suficiente na caracterización do medio biótico, esencialmente das aves e quirópteros. Valórase que a obtención e tratamento desta información é esencial para unha adecuada determinación posterior dos efectos ambientais, das alternativas, das medidas a aplicar e os



aspectos que deben ser sopesados nos programas de vixilancia e seguimento ambiental. Neste senso, e para unha idónea análise e avaliación do impacto, considérase pertinente solventar as carencias do documento achegado no que se refire a avifauna e aos quirópteros.

Noutro orde de cousas, e en relación ao lobo, tense que dar cumprimento ao punto 18 ("Efecto barreira das infraestruturas"), apartado 5, do Decreto 297/2008, do 30 de decembro, polo que se aproba o Plan de xestión do lobo en Galicia. Neste senso, é necesario redactar un estudo con datos sólidos sobre a presenza de lobos na área de influencia destes parques eólicos e debe realizarse unha avaliación e seguimento das afeccións da instalación eólica sobre a poboación de lobos; estrutura social, zonas de cría, uso do espazo, etc. O estudo pódese presentar xunto cos datos requiridos de avifauna e quirópteros ou pódese remitir á Dirección Xeral de Patrimonio Natural, no primeiro ano de funcionamento do parque eólico, como parte do plan de vixilancia ambiental.

Ademais, a análise deberá avaliar conxuntamente o impacto dos parques eólicos Gato e Felga coma se dun só tratásese.

O presente informe emítese sobre a documentación achegada e sen prexuízo doutras comunicacións, autorizacións e/ou informes precisos debendo cumprir o establecido no resto da lexislación que lle sexa de aplicación. Calquera modificación do proxecto que teña algunha afección sobre o medio natural, requirirá o seu informe correspondente.

Santiago de Compostela, asinado dixitalmente

O xefe do Servizo de Análise de  
Proxectos, Plans e Programas

Carlos González Andrés

O subdirector xeral de Espazos Naturais

Tomás Fernández-Couto Juanas

